

AVR/cnc
Exp. 2023014053

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra acordou, na súa sesión do 19 de maio de 2023, concederlle á **Arcebispo de Santiago de Compostela**, con CIF: R1500020A, unha achega de **3.500,00 €** para a publicación "Escolma das fotografías do profesor Ares Espada nas parroquias pontevedresas" a través da convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2023 (acordo nº 2.32644, CSV:LMJWDY5Q449TH01K), con cargo á aplicación 23/332.3322.789.00 do vixente Orzamento provincial.

O prazo para realizar a finalidade obxecto da subvención rematará o 31 de decembro de 2023. Para poder percibir a axuda deberán presentar, ata o 31 de xaneiro de 2024, a seguinte documentación obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude" ("achega de documentación xustificativa"), dispoñible en <https://sede.depo.gal>:

- Memoria explicativa detallada do cumprimento das condicións establecidas na solicitude da axuda e da realización da finalidade subvencionada, con expresa mención dos resultados obtidos (fotografías e demais documentación gráfica do proxecto subvencionado), asinada pola persoa responsable.
- Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo ata o total do orzamento presentado por importe de **5.007,24 €**.

Este documento pode descargarse na seguinte ligazón:

<https://sede.depo.gal/web/public/publications/list/forms/FORMS/details/85817657>

Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, cunha porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos con respecto ao orzamento inicial do 20 %.

- Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos debidamente conformados, polo importe da subvención concedida; indicarse para cada factura ou documento análogo o número de unidades, o prezo unitario destas e o custo total de cada unidade.
- Acreditación de que se fixo a debida divulgación do financiamento obtido da institución provincial. A medida de difusión consistirá en incorporar a imaxe institucional na páxina de créditos da publicación ou do material subvencionado, de conformidade co "Manual de proxecto subvencionado": <https://www.depo.gal/documents/37861/77851/PROXECTO-SUBVENCIONADO.pdf>. No caso de empregar carteis, materiais impresos ou audiovisuais ou calquera outra acción de comunicación ou publicidade, deberá constar tamén o apoio institucional de acordo co citado manual.
- Declaración de non ter recibido outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada.
- Dez exemplares como xustificante, que formarán parte do expediente, así como dos fondos bibliográficos da Deputación de Pontevedra na súa Biblioteca ao servizo das persoas usuarias.

O secretario xeral,

**Por delegación, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico,
segundo R. P. núm. 2016001033, de 25 de xaneiro de 2016**

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe

